

**ACTUALIZACIÓN DO PROXECTO
"FOMENTO DA MOBILIDADE SOSTIBLE.
NOVA SENDA NA OU-402.
TREITO: REZA. PP.QQ. 1+090-3+780"
CLAVE: OU/21/145.06**

1. Obxecto da Actuación

O obxecto principal da actuación é a execución dun itinerario peonil continuo pola marxe dereita da estrada OU-402 en Reza, entre os puntos quilométricos (PP.QQ.) 1+060 e 3+290, que permita conectar os treitos illados de beirarrúas existentes e as edificacións dispersar, e evitar que os peóns percorran dito treito camiñando pola marxe da estrada próximos á marca viaria.

2. Plan de Estradas

A estrada OU-402 pertence a Rede Local de Estradas Convencionais de Galicia.

3. Descrición da actuación

As obras consisten na execución dun itinerario peonil continuo pola marxe dereita da estrada OU-402 dende o P.Q. 1+060 na intersección coa rúa Portalón, ata o aparcamento situado no P.Q. 3+290. Na marxe esquerda realizaránse pequenas actuacións puntuais, para adecualas á nova posición dos pasos de peóns ou paradas de autobús.

A nova senda deséñase en formigón HF-4.0 con acabado desactivado, espesor de 14 cm, mantendo unha beiravía de 0,50 m dende a liña branca de bordo actual, limitada por un bordo prefabricado de formigón elevado 5 cm sobre a calzada. A anchura é variable (entre 1,80 m e 3,00 m; nun treito puntual entre o P.Q. 1+970 e 1+990 existen edificacións lindeiras coa estrada que reducen estas anchuras mínimas).

O trazado da estrada OU-402 non se modifica, unicamente entre os PP.QQ. 2+050 e 2+200 modifícase a posición do eixo central da estrada, axustándoo no treito de curva para encaixar a senda pola marxe dereita en continuidade, sen afectar os peches existentes neste treito.

Dispónse zonas de aparcamento en liña na marxe dereita e refuxios nas paradas de autobuses.

Como actuacións complementarias á execución da senda destacan as seguintes:

- Actuacións de mellora en pasos de peóns.
- Instalación de colector de drenaxe baixo a senda.
- Repintado de marcas viarias e adecuación da sinalización vertical.
- Obra civil de iluminación.
- Reposición de peches de leiras afectadas e reposición de servizos afectados.

4. Características técnicas

Lonxitude aprox.	2.230 m
Anchura xenérica	1,80 m a 3,00 m
Pavimento	14 cm de formigón HF-4.0 desactivado
Estruturas	4 muros de escolleira de altura máxima entre 1,45 e 3,00 m. 2 muros de formigón de altura máxima entre 0,80 e 1,50 m.
Colector de drenaxe 400 mm:	1,618 m.

5. Principais unidades de obra

Pavimento de 14 cm HF-4 desactivado	187.548,51 m ²
Tubo de PVC cor. Ø =400 mm dobre parede SN-4	100.477,80 m
Muro de escolleira colocada 300-1000 kg	1.311,14 m ³
Marquesiña bus	6 uds.
Bordo formigón pref. 15x22x100 cm	47.914,57 m
Pozo de rexistro prefab. D=1,0 m e H<=3m	58 uds.
Arqueta pref. Form. 2 tapas fundición dúctil	54 uds.
Pavimento de 20 cm HF-4	28.699,02 m ²

6. Poboación servida

Ourense 103.756

O total da poboación servida é de 103.756 habitantes

7. Concellos Afectados

Ourense

8. Expropiacións

As actuacións contempladas neste proxecto afectan a unha superficie total de 37 parcelas, das cales:

- Parcelas afectadas por expropiación:	31 (4.633 m ²)
- Parcelas afectadas de titularidade pública:	6
- Parcelas afectadas por ocupación temporal:	23 (838 m ²)
Expropiación	35.670,00 €
Bens Afectados	14.210,00 €
Premio de afección (5%)	619,00 €
Orzamento Total Expropiacións	52.993,00 €

9. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de DOCE (12) meses.



10. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE):	1.381.698,24 €.
Orzamento Total de Expropiacións	52.993,00 €
Orzamento de Servizos Afectados de titularidade privada	106.159,77 €
Orzamento para Control e Seguimento Arqueolóxico	1.000,00 €
Orzamento para coñecemento da administración:	1.541.851,01 €.

11. Orzamentos por concello

<u>Concello</u>	<u>Estrada</u>	<u>% inversión</u>	<u>OCA</u>
Ourense	OU-402	100 %	1.541.851,01 €

PLANO DE SITUACIÓN



SECCIÓN

